

**ANUNCIO DA APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS OU EXCLUÍDAS, NA COMISIÓN EXTRAORDINARIA DE 30 DE XANEIRO, EN RÉXIME DE CENTRO DE DÍA, NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA O CURSO 2024/2025.**

A Deputada Delegada, en virtude das competencias delegadas da Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN,

A Deputación Provincial de Pontevedra por acordo do pleno en sesión que tivo lugar o día 27 de xuño de 2003, creou o Centro de Día do Centro "Príncipe Felipe", destinado á atención diaria dos menores da provincia de Pontevedra.

A fin de regular a admisión dos menores no centro en réxime de centro de día, a Dirección do Centro Príncipe Felipe elaborou as bases reguladoras do dito procedemento para o curso 2024-2025, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 45 de data 4 de marzo de 2024.

Tal e como establecen as bases da convocatoria o Consello Coordinador de Centros de Acollimento, en reunión extraordinaria celebrada o 30 de xaneiro do presente ano, unha vez valoradas as solicitudes presentadas, eleva a proposta ao órgano competente da Deputación Provincial para a resolución de adxudicación das prazas no Centro de Día durante o curso 2024/2025.

Considerando o establecido na base décimo terceira das bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime de centro de día en consonancia co artigo 45.1b) da LPACAP, o presente acto administrativo será obxecto de publicación, surtindo os efectos da notificación.

Considerando o establecido no artigo 61.22 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no que se establece a competencia do Presidente da Deputación Provincial para aprobar os expedientes de ingreso de persoas en establecementos provinciais.

Considerando que por Resolución da Presidencia nº 202500361, de data 20 de xaneiro de 2025, delégase na Deputada Dona Sandra Bastos Míguez as atribucións da Presidencia no Centro Príncipe Felipe, **RESOLVO:**

1º.- Admitir no Centro de Día do Centro Príncipe Felipe, para o curso 2024-2025, con efectos a partir do día seguinte ao de publicación desta resolución, aos menores que a continuación se relacionan:

Nº	Nº Rexistro	Nome	Idade	Puntuación	Centro
1	2025000393	KYLLIAM	6	<b>10,25</b>	C.INFANTIL
2	2025000859	LUÍS SANTIAGO	7	<b>10,25</b>	C.INFANTIL
3	2025000400	UXIA SABELA	5	<b>10,25</b>	C.INFANTIL
4	2025000634	RACHEL	1	<b>9,75</b>	C.INFANTIL



2.- Non admitir no Centro de Día do Centro Príncipe Felipe, para o curso 2024-2025, aos menores seguintes:

Nº	Nº Rexistro	Nome	Idade	Centro
1	WEB2024067655	SEBASTIÁN	9	DESISTE

3.- Deixar en lista de agarda no Centro de Día do Centro Príncipe Felipe, para o curso 2024-2025, aos menores que a continuación se relacionan:

Orde	Nº Rexistro	Nome	Idade (anos)	Puntuación
1º	WEB2024025683	JORGELIS REYMARI	10	11
2º	2025000392	NEYDER	9	10,25
3º	2024005794	SANTIAGO ANDRÉS	12	9,75
4º	2024005793	ISABELLA VALENTINA	11	9,75
5º	2024017488	DELIMAR	10	8,50
1º C.INFANTIL	WEB2024077261	TYLER JOEL	8	9,75
2º C.INFANTIL	2025000401	PAULA	0	5,25

4.- A publicación do anuncio da aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas, excluídas ou non aceptadas, en réxime de centro de día, no Centro Príncipe Felipe para o curso 2024/2025.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

**CENTRO PRÍNCIPE FELIPE.-INTERESADO.-**

